

FARRUCO PESCADOR

Levaba dúas horas coa cana na man e non pescaba nada. O Sr. Farruco xa decidira recoller os bártolos e ir para a súa casa sen nada, pensando que a cea para a súa dona e os seus cinco fillos non sería o especial que el quixese, xa que era o aniversario de Choliño, o neno máis pequeno.

Cando...

-Seica pican agora. Imos ver.

Unha anguía **cativa** pero moi longa colgaba da **brinca**. Tan longa era que non acababa nunca de saír da auga. O Farruco xa sudaba:

-Pero isto que é?- preguntouse asustado.

Unha voz respondeulle:

-É a sorte.

-A sorte. Quen fala?

-Eu. A anguía que estás pescando. Escoita. Non sigas quitándome da auga, pois nunca acabarías. Déixame e sigue tras miña o camino que eu che marque. **Ten tino cando desapareza**, pois nese sitio tes que escalar na terra ata que atopes un peto de cristal. Colle o que hai dentro e merca o que faga falla para ti e a familia. Pero non malgastes, nin contes a ninguén o que entre nós pasou.

Farruco fixo o que a sorte lle mandou. Por onde ela desapareceu escalou ata dar co peto de cristal. Dentro tiña moedas de ouro. Moitas moedas. Moitas moedas.

Farruco mercaba cousas con elas. Cousas que necesitaba. O misterio do peto era que as moedas nunca se acababan.

Un día o home pensou que con tantos cartos ben podía mercar unha casa ben grande e ata un barco con motor.

Pero a voz falou:

-Farruco, Farruco, que fas?

O home non volveu escoitar aquel pensamento. Daquel xeito foi sempre feliz e sempre tivo moedas no peto para mercar o que a súa familia necesitaba.

1. Cantas persoas formaban a familia de Farruco?

Cinco persoas.

Sete persoas.

Seis persoas.

2. Por que pensaba Bartolo que a cea non ía ser especial?

Porque non levaba a anguía para cear.

Porque quería levar peixe para poder celebrar o aniversario de Choliño.

Porque non ía chegar a celebrar o aniversario do fillo.

3. Por que lle dixo a anguía que non seguisse que nunca remataría?

Porque pesaba moito e non o ía conseguir.

Porque era demasiado longa.

Porque rompería a cana.

4. Que significa “**Ten tino** cando desapareza, xa que nese sitio tes que escalar...”?

Que se fixara ben cando desaparecera...

Que se marchara para a súa casa...

Que levara ao seu fillo Tino para alí.

5. Que condición lle puxo a anguía con respecto ao que había dentro do peto? Elixo só unha.

Que non o malgastase.

Que comprara unha casa grande

Que non o malgastase e non lle contara a ninguén o que lle pasara.

6. Que curiosidade tiña o peto?

Que tiña moedas dentro.

Que as moedas que tiña dentro nunca se remataban.

Que non rompía.

7. Cres que unha casa grande e un barco a motor está dentro das necesidades das que falaba a anguía?

Non, a aguía referíase as necesidades básicas das persoas.

Si, porque una casa grande e un barco a motor son máis cómodos.

8. Por que escoitou a voz preguntándolle que estaba facendo? **Resposta libre.**

9. Por que cres que non volveu ter aquel pensamento? **Resposta libre.**